



Liga galega orientación en BTT 2014

3ª Proba: O-BM Casa Sixto

15/11/2014

ACLARACIÓNS IMPORTANTES:

- Baixo ningún concepto se debe tirar ningún xel, barrita, plástico, papel aluminio,... ó monte. O monte ten que quedar cos mesmos elementos que se atopaban antes de iniciarse a carreira.
- O quencemento antes da carreira farase dentro da área habilitada para o mesmo, ningué poderá abandonar esta área, xa que se pode atopar con algún dos puntos de control da carreira e polo tanto serlle máis fácil de atopar en carreira. Outro motivo é que tamén pode chegar a entorpecer a carreira doutros competidores. Se se detecta a alguén incumprindo esta norma será automaticamente descalificado.
- Durante a carreira unicamente se poderá circular polos camiños e sendeiros que se atopan debuxados no mapa, non podendo atallar atravesando campos, montes, ... (esta é unha norma que se atopa na regulamentación O-BM da FEDO. Por este motivo, aquel que sexa visto por calquer membro da organización incumprindo a devandita norma será descalificado automaticamente. Así mesmo se calquer participante observara a outro corredor facendo o mesmo poderá denunciar tal circunstancia ante a organización.
- Se algún corredor decide voltar á meta porque non é capaz de completar o percorrido debe pasar igualmente pola meta e descargar a súa tarxeta (temos que comprobar que non queda ninguén perdido no monte)
- E recomendable levar un teléfono móbil por se sufriramos algún percance durante o percorrido. O teléfono para emerxencias é o de Jose Balseiro (657 75 28 49) . O mellor é que o grabedes en AAAObmEmerxencias, así o atoparedes de primeiro na lista de contactos.